



Bases de participación nas probas do concurso ecuestre do 23 de abril en Moeche

1. As inscricións faranse dende o 1 de abril ao 16 de abril de 2022 no correo inscripcion23abrilmoecche@gmail.com
2. Enviarse un correo por cada cabalo participante, no texto do correo deberán constar os seguintes datos:
 - a) UELN do équido
 - b) Chip do équido
 - c) REGA
 - d) Datos da persoa propietaria (nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono)
 - e) Categoría ou categorías nas que quere participar
 - f) Estatura inferior ou superior a 1,5m
 - g) Matrícula do transporte e datos da persoa transportista
3. Toda persoa que NON reciba o correo de confirmación da inscrición antes do 21/04/2022 NON poderá participar na proba (comprobade o cartafol de Spam).
4. O día do concurso deberase contar con toda a documentación indicada no punto 2, que poderá ser requirida pola organización.
5. Deberase presentar o équido no horario establecido para proceder á súa medición. En caso de non pertencer á categoría na que está inscrito será trasladado á categoría inferior ou superior para poder participar.
6. Para poder participar é obrigatorio o uso do casco regulamentario.
7. Poderase expulsar calquera participante que faga un mal uso da pista, ou calquera persoa que non se atope en condicións axeitadas para realizar as probas ou poña en risco ao resto de participantes.
8. Durante a proba cada penalización sumará 10 segundos ao tempo realizado.
9. As decisións do xurado son inapelables.
10. Calquera insulto ou malos tratos cara aos xuíces ou organización implicará a descualificación do xinete ou amazona en todas as probas. Así como calquera indicio de maltrato animal.



MOECHE
CONCELLO



11. A organización non se responsabiliza dos danos causados a terceiros polo manexo dos animais.
12. Os horarios de participación en cada proba e de presentación dos équidos para a súa medición xunto coa documentación, notificaranse o 21 de abril de 2022, antes das 23.30h, nas redes sociais do Concello de Moeche e da Asociación Ecuestre 23 de abril e nos correos das persoas inscritas.
13. A participación na competición supón a aceptación íntegra destas bases e, polo tanto, será a organización a que tome a decisión oportuna en caso de dúbida ante calquera aspecto, estea presente ou non nestas bases.